



B.O.I.

BOLETÍN OFICIAL DE ITÍNERA

Nº 0 Outono 2007

Exemplar gratuíto

Iniciación
ao cine


Programa
amigo

Obradoiros

Aúpa
Tornillos

Xornadas
Activas

Arredor do Lume con Itínera

- 
- | | |
|---|---|
| 1 | Editorial |
| 2 | Unha ollada aos nosos programas |
| 4 | As clases de arte
<i>Loliña Lempika</i> |
| 5 | Traballando arreo
<i>S. Castañeta</i> |
| 6 | Un novo apoio
<i>Rigoberto Picaporte</i> |
| 7 | Obradoiro de cantería
<i>A. Fulcanelli</i> |
| 8 | Enma
<i>Manolo V.</i> |
| 8 | Clases de informática
<i>Antonio de C.</i> |
| 9 | Itínera
<i>polo Coordinador</i> |



Editorial

A Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental, naceu en Santiago de Compostela froito da experiencia adquirida por un grupo de persoas que desenvolveron programas de voluntariado no Hospital Psiquiátrico de Conxo dende o ano 1993. En marzo do 2005 constitúense como Asociación co ánimo de transcender do Hospital e prestar atención tamén a persoas que, estando na comunidade precisan tamén unha rede activa que lle procure protección e apoio.

A poboación á que van dirixidas as distintas accións desenvolvidas pola asociación son persoas que padecen algunha forma de trastorno mental severo (esquizofrenia, cadros esquizoafectivos, trastorno bipolar...) e que, como consecuencia directa da mesma presentan discapacidade funcional, dificultades adaptativas, malestar subxectivo, estigma social, illamento e dificultades e integración social.

Entre os obxectivos que persegue a asociación están os de ofrecer oportunidades, no ámbito educativo, do ocio e da ocupación, ás que non teñen acceso debido a discapacidade se non contan con apoio específico, favorecer un mellor funcionamento, participación social e calidade de vida, conectar ós usuarios coa oferta de actividades dirixidas á poboación xeral, actuando como mediadores, e dar apoio aos coidadores primarios.

A asociación mantén unha coordinación cos servizos sociosanitarios públicos, coas asociacións de familiares e afectados, con asociacións de índole cultural e deportivo, para crear unha rede de relacións dos recursos formais e informais que proporcione unha axuda efectiva a estas persoas.

Quero, ante todo, e no nome da Xunta Directiva, agradecer ós voluntarios que estiveron, ou están, contribuíndo a facer posibles os obxectivos de Itínera. Agradecer tamén, a tódolos organismos que nos apoiaron nos difíciles primeiros momentos, ata a actualidade.

Os membros da Xunta Directiva podemos afirmar que o traballo realizado durante estes máis de 2 anos é, aínda que duro e laborioso, moi gratificante, palpamos os resultados coas nosas mans.

É preciso facer mención a Carlos A. Martínez Uzal, coordinador dos programas da asociación, pola súa especial dedicación á mesma.

Para seguir levando a cabo este labor, necesitamos a túa colaboración, ben como voluntario ou ben como asociado. Invitámosche a coñecernos de cerca. Ponte en contacto connosco.

Lorena Alvite Pereira
Voluntaria e presidenta



Unha ollada aos nosos programas

Programa amigo: O primeiro obxectivo da nosa asociación é que ninguén camiñe nunca só. Para este fin contamos cun bo número de voluntarios que realizan labores de acompañamento con todas aquelas persoas que precisan dunha voz amiga coa que departir sobre as cousas da vida, tomar un café ou dar unha volta...

Informática: Achegamento ao complexo mundo dos ordeadores, do sistema Windows e do Microsoft Office e Internet. Nos Centros Socioculturais de Fontiñas e Aurelio Aguirre de Conxo.

Iniciación ó cine: Cine fórum onde se proxectan clásicos da sétima arte con posterior coloquio. No Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo.

Club de lectura: Proponse aos participantes unha serie de libros a elixir que posteriormente comentanse en común ó tempo que se realizan diversas dinámicas de grupo con contados literarios. No Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo.

Habilidades administrativas: Iniciación no mundo da lexislación básica referente

o eido da saúde mental. (dereitos e deberes como cidadáns, concepto básicos sobre internamentos, incapacitacións, tutelas...). No Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo.

Educación medioambiental:

Rehabilitación dunha antiga alameda de gran riqueza biolóxica e histórica á beira do río Sar e nos arredores do Hospital Psiquiátrico

Educación Musical:

Iniciación ao mundo da musicoterapia con experimentos de coordinación e instrumentos de percusión. No Hospital Psiquiátrico de Conxo

Artes plásticas:

Achegamento ao mundo das diversas artes como a pintura, o modelado, a banda deseñada, a fotografía ou a montaxe de maquetas. No Centro Sociocultural de Fontiñas



Praia fluvial de A Carixa en Merza

	luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado e domingo
9:30 - 10:30		informática	informática	informática		xornadas activas
11:00 - 13:00				plástica		
17:00 - 18:30	música	habilidades administrativas	educación medioambiental	iniciación ao cine	fútbol	
18:30 - 20:00	equipo de redacción	club de lectura				



Os Tornillos nun partido




Comida durante unha das xornadas activas en Merza

I XORNADA DE VOLUNTARIADO EN SAÚDE MENTAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16-17 MARZO 2007

Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social
R/ Casas Reais, 8.
15782, Santiago de Compostela.



Inscripción: Servizo de Participación e Integración Universitaria, R/ Casas Reais, 8, 15782, Santiago de Compostela.



VICERREITORÍA DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA E
COMPROMISO SOCIAL
Servizo de Participación e Integración Universitaria



Triptico da Xornada de Voluntariado en Saúde Mental organizado por Itinera

Fútbol: Adestramentos semanais do equipo de fútbol “Os Tornillos” có obxectivo de gañar tódolos partidos trimestrais (o ano pasado conseguímolos ¡Aupa Tornillos!). No campo de fútbol da S.D Conxo.

Xornadas activas de Merza: Cada quince días os membros da nosa asociación disfrutamos dos fins de semana na antiga Casa Rectoral da parroquia de Merza. Ali realizamos as actividades máis diversas dende coidar da casa e da eira ata restaurar mobles vellos, facer sendeirismo ou relaxarnos coas xornadas de Taichi e masaxe.

Equipo de redacción: Este grupo de reporteiros ten como función estar ó día de tódalas actividades da asociación para poder informar o público en xeral sobre o noso traballo, tanto neste boletín coma na nosa páxina web

(www.asociacionitinera.com)

Campamentos de verán: Cada mes de agosto Itinera organiza na nosa casa en Merza tres campamentos de cinco días con actividades de corte temática cada un. Neste ano 2007 os devanditos campamentos trataron sobre: Cociña tradicional galega, Canteiría e Xogos populares galegos.

Cursos de formación de Voluntariado en Saúde Mental: Para un traballo máis eficaz Itinera forma aos seus voluntarios coa axuda de profesionais da saúde mental mediante cursos específicos nos que se prepara aos voluntarios para un mellor desenvolvemento na súa actividade. Nestas xornadas trátanse tanto os aspectos orgánicos psicolóxicos das enfermidades mentais coma a súa problemática social e a eficacia dos programas de voluntariado como ferramenta integradora.



As clases de arte unha nova dimensión da realidade

Loliña Lempika

Cando cheguei por primeira vez á aula de artes plásticas con Itinera xa tiña un complexo historial médico malia as miñas vintecatro primaveras. Sen embargo dende que teño uso de razón sempre sentín unha gran fascinación polo debuxo, as súas anárquicas formas e polos fortes contrastes de cores. Arturo, recoñecido artista, era o gurú daquel magnífico artificio, alí estaba el para sacar a relucir o noso recién estreado e flamante talento artístico.

Aínda que, en realidade, a miña historia remontase a cando eu tiña tres ou catro anos e quedaba absorta nos meus modestos garabatos, en silencio e allea ao alboroto dos meus compañeiros de clase ao tempo que desenvolvía unha gran facilidade para evadirme dun mundo exterior que me resultaba extraño. Era pois, unha nena-burbulla.

Sendo adolescente (por desgracia aínda sigo a se-lo) esos rasgos acentuáronse. Percibía o mundo con gran sensibilidade e tiña profundas inquietudes e desacougos e un montón de incógnitas por resolver. Á veces era unha rapaza vital e soñadora e outras

facíame rodear dun halo de malditismo e contemplaba a vida como algo moi doloroso.

Unha das miñas vías de escape foi o debuxo. Construíme un refuxio onde poder sentirme ceibe, dar renda solta a miña imaxinación e expresar as miñas emocións a salvo das miradas dos outros mentres me recreaba neses maravillosos mundos de fantasía onde non existían os imposibles.

Tras moitos aconteceres cheguei a Itinera, cun lastre na mochila que gradualmente fun alixeirando. Alí coñecín a persoas extraordinarias que se saían totalmente do común (¡rapaces, non choredes!). E o mellor de todo é que para eles ningunha idea é o suficientemente disparatada como para ser rexeitable (¡por fin encaixaba nalgún sitio!).

En artes plásticas escomecei o meu idilio de amor-frustración coa pintura. Xa sabedes, é coma unha amante esquiva. Ás veces sintes como flúe a enerxía creativa por todo o teu ser (¡coma se foses a afortunada

receptora dun don divino e te sentises poderosa, casi invencible!). Outras veces, sin embargo, sinteste bloqueada, desamparada e abandonada polas musas da inspiración (cousas do oficio, ¿non?).

O primeiro día andaba confusa ante un abano de posibilidades tan amplo. Logo as dúbidas disipáronse. De momento adícome a copiar obras alleas como método de aprendizaxe (inspirome basicamente na mitoloxía universal). Máis adiante se cadra, aprenda a atrapa-la esencia das cousas nun lenzo.

A disgusto de Arturo, o meu mentor, (que é un fanático do acrílico porque dí que é máis limpo) utilizo o óleo porque permíteme experimentar coas texturas e os relevos. O proceso é lento e require concentración e certas habilidades manuais. Como descoñezo as técnicas básicas, simplemente déixome guiar pola intuición. Aínda son unha novata, pero estou ilusionada e a miña intención é desenvolver esta faceta pictórica que ata fai pouco permanecía latente, á espera de ser descuberta.

¡Así que xa sabedes, meus queridos lectores, se queredes exorcizar os vossos demos interiores, deixádevos de terapias alternativas e de estranos conxuros e mergulládevos no maravilloso microcosmos da pintura como medio de expresión e de catarse!



Traballando arreo

S. Castañeta

Tería que escribir moitas páxinas para contar o que me sucedeu nos últimos dous anos e non creo que a ningún lle interese, así que abreviarei. A soidade foi a causa da miña chegada a Itínara, a procura de novas amizades e un entorno de fraternidade entre xente que entende o que eu sufrín. Das actividades que a devandita asociación ofrece decanteime por educación medioambiental, da que agora vos falarei.

Carlos, o coordinador e amigo xa para min, describiúme as curiosidades do cemiterio do Hospital de Conxo onde traballamos. Este camposanto ten moitas peculiaridades, para comezar temos o teixo, ou “árbore celta”, chámolle así polos seus froitos venenosos que os destemidos guerreiros de este pobo usaban para suicidarse antes que rendirse. Tamén está a tumba do capitán alemán, do barco Santa Urssula, Wilhelm Mette, que toleu cando navegaban pola costa da morte e desembarcou para rematar ingresado no Psiquiátrico de Conxo nos primeiros anos do século XX.

Aínda que todo esto semelle macabro, agora ven o mellor: Para

entrar debemos pasar por unha antiga sá de autopsias coa súa mesiña e o seu oco para as vísceras e o sangue... ¡eso sí que da arrepiós tan só de pensalo. De feito a miña irmá, que é unha medosa, espantouse cando lle contei que traballaba nun cemiterio. Anécdotas aparte para min o mellor é o osario que atopamos cos ósos por alí esparcidos.

Despois de tres anos de traballo, o cemiterio mellorou moito, cando comezamos a traballar as

silvas pasaban dunha altura superior á dun “machoman” como Carlos (eu cáculolle unha altura de 1,80 m.). O día que cheguei tocouse queimar rastrosos ¡había moitísimos! Ó rematar, de tanto traballar queimeime o pelo na cacharela como novato que era.

Dende aquela, erguemos con enormes pedras, unha pequena atalaia con foso e todo (¡tiven maniotas toda a semana de tanto cavar!). Penso que Carlos me daba os traballos máis duros pensando que eu tiña una forza titánica proporcional ao meu peso, pero aínda así fíxeno o mellor que puider. Ultimamente adícome ao coidado xeral do cemiterio, cortando máis xestas e máis e máis e máis...





Os Tornillos entrenando

Un novo apoio

Rigoberto Picaporte

Nunha etapa da miña vida na que me sentía bastante perdido, o meu primeiro contacto con Itinera supuxo unha diminución nesta sensación, pois atopeime con xente en similar situación á miña, que está a aprender a sobrevaloralo seu problema.

Na asociación desenvolvemos actividades ao aire libre, co que se fomenta o compañeirismo e existe un ambiente moi distendido (coma se fosemos unha grande familia neste equipo humano). Por exemplo, imos limpar o antigo cemiterio do Psiquiátrico de Conxo. Alí cortamos a maleza acumulada e para relaxarnos nesta tarefa ata acondicionamos un pequeno castelo cun muro e unha zanza para que resulte máis crible.

Itinera tamén me permite perfeccionar a miña vida académica, pois asistín a unhas interesantes clases de informática. Outra actividade consiste en visionar unha película de cine e logo comentala entre nós, co que fomentamos a expresión oral e o sentido crítico.

Os venres participo no equipo de fútbol “Os Tornillos”, practicando deporte e desconectando da rutina diaria (mesmo os meus compañeiros felicitábanme polas paradas que facía, pero decatáronse que non son Iker Casillas, e agora xa non o fan).

Alguns fins de semana imos a unha casa rural da que dispoñemos en Merza. Alí aparte das normais labores domésticos, tamén atendemos ao aspecto do lecer: saltamo-la cacharela por San Xoán, despois de papar unha saborosa carne á brasa nunha noite estupenda. Participou tamén a traballadora social e algún familiar (só faltaba algún veciño da vila, pois charlamos ás veces con algún).

En Merza faino-la comida Chelo, unha rapaza moi simpática, mentres nós ocupámonos doutras tarefas no campo. É a maior de todos nós, e ás veces ten dito que somos os seus nenos. Ela e o noso coordinador rifan amigablemente a miúdo.

Na eira contigua á casa, pastan un burriño moi simpático chamado

Carolino e unha egua que fuxe cando nos ve (por desgracia para ela). O listo do burro ven canda nós cada vez que nos diriximos ó campo, xa que lle damos froita, doces e outras cousas. Tendémoslle a man, e a besta moi agradecida come e deixa que montemos nela, e a agarimemos. É un pouco a mascota de Itinera, e se en lugar dun burro fose un boi, como o nome da revista, a identificación có Carolino sería total.

Así mesmo practicamos tonificantes sesións de tai-chi, e montamos unha Festa Romana, na que improvisamos-los nosos propios disfraces, celebrando que unha das voluntarias casaba próximamente. Tamén imos a unha praia fluvial que está preto da casa. Alí tomámo-lo sol, falamos das nosas cousas e dámonos chapuzóns no río; quedamos moi a gusto, e coa calor do verán, é moi agradable estar alí. En suma, é abraiante dispor dun lugar así.

De todo o dito da miña estancia nesta singular asociación, a miña conclusión é moi positiva, pois síntome mellor que hai seis meses cando entrei aquí. Itinera xa forma parte da miña vida, como os seus compoñentes aos que considero os meus amigos.



Obradoiro de cantería

A. Fulcanelli

Como participante dos programas da asociación Itínera tentarei explicar neste artigo o que é a cantería, e cales son algúns dos seus segredos.

A cantería é un oficio moi sacrificado, trátase dun dos piares estratéxicos da evolución humana. Moitos cren que as igrexas, templos e castelos construíronos os escravos e non foi de tal xeito. Durante séculos esta arte foi a cúspide do progreso de tódalas civilizacións antigas. Canto mellores e colosais monumentos en pedra, maior era o esplendor e o auxe dun pobo. Os artistas da pedra eran creadores ou artesans poseedores dos entrefixos dunha ciencia arcana.

O canteiro non só fai estatuas senón tamén outras moitas obras, como son columnas, capiteis, lapidas funerarias, cruceiros, escudos heráldicos e unha morea de elementos ornamentais que decoran igrexas, casas e demais construcións polo mundo adiante.

Este oficio esta a piques de esquecerse. Se cadra pola dureza da pedra e a disciplina que conleva. Pois de tódalas artes posiblemente labra-la pedra sexa a máis difícil.

Situémonos na parroquia de Merza, un lugar con moito encanto. Ali a asociación Itínera ten cedida a casa rectoral, onde antigamente vivían os párrocos da localidade. Colindante a esta finca atópase a igrexa de estilo románico. Cóntanos a historia que a ergueron os alumnos do obradoiro de cantería do Mestre Mateo no século XI.

Sempre me preguntei como farían os nosos paisanos medievais para traballar a pedra e como faría eu para aprender deles ou dos canteiros de hoxe en día. Nun campamento alá polo mes de agosto do 2006, visitounos un mestre canteiro chamado Antonio Recio que nos iniciou nos segredos da pedra.

Aquel foi o meu primeiro contacto co mundo da cantería. Antonio ensinounos o sentido filosófico da pedra a tódolos participantes, sendo isto que antes de comezar a traballala tiñamos que aprender a amala, tal sentido filosófico foi o máis importante

Alguns meses despois daquel cursiño puxen en practica os meus coñecementos básicos. Traballei arreo na miña propia casa carrexando pedras que logo tallaba con moito entusiasmo e moita fe, cualidades que compensaban as miñas carencias técnicas. Souben enton que o verdadeiro artista endexamáis estará satisfeito coas súas propias obras.

Poida que nunca chegue a ser mestre nesta arte pero asegúrovos que o labrado pétreo é algo apaixonante. Namentres, eu seguirei picando na pedra só pola curiosidade de saber ata onde me levaran as súas misteriosas vetas.

Enma

Manolo V.

A primeira vez que visitei a institución foi con motivo dunha exposición de esculturas na portaría do psiquiátrico. Quixen ampliar a miña visita de tallas de mármore e aceiro ao interior daquel mundo, non descoñecido para min, xa que empezaba os meus estudos de psicoloxía, mais se extraño mundo, no que puiden comprobar a realidade e marxinação que significa a prisión. Metínme así para dentro, e aínda que as cousas mudaron como me contou um preso-doente conforme foi variando a tipoloxía política e mudaron os tempos, vin algo aborrecíbel e reprimente nunha sala, que me lembrou aos paraxes deses psiquiátricos americanos en que se via, e nos que vin realmente eses seres humanos desnaturalizados e tirados, durmindo, en grandes cadeiras de brazo, con música clásica nos altifalantes, doentes que co tempo desaparecerán como por arte de maxia.

Así foi, con este coñecemento primitivo, como co paso dos anos, e ben entrados os meus estudos na facultade, como me puxen en contacto e entrei a formar parte no programa do voluntariado de saúde mental. E así foi como o coñecín a el. A el gustáballo que o chamase Mc. Murphy, aínda que o único que tiña en común co personaxe da historia, era un artigo para unha revista chamada “a reivindicativa”, que confeccionaba unha compañeira, e da que só se repartiu un número, xa que este artigo titulado “historia” foi censurado e non publicado polo tanto, no que se falaba dunha hipotética fuga de Conxo duns cincuenta doentes.

Ficabamos unha ou dúas veces á semana, e falabamos e falabamos, aínda que tanto eu como el presumiamos de ser pouco faladores. E falabamos e falabamos, e entón el trataba de explicarme a súa visión da sociedade, e dicíame que para el a sociedade galega era, máis ou menos conscientemente, anarquistas, que votabamos sen fe e que os gobernantes eran todos uns farsantes. E dicíame este e ademais que uns cantos conceptos e algo de reivindicación faríanos espertar ao que el consideraba nazonacismo, e esta á dereita das xentes, a súa esquerda, pro-comunistas ou pro-revolucionarios.

E as nosas ansias por saber levábanos a visitar civreiras, e esta ansia levounos a gastar vinte moedas en

acivros, el mercou a maioría, unha historia da revolución rusa, dun tal Trosky, e a “autarquía e anarquía” de Bakunin, entre outros. Eu pola miña banda, quizais influíra por el, “así falara Zaratrústa”.

E foron pasando os días, e tamén as veladas, e participei así nas tertulias, auténticas tertulias literarias da “gaiola aberta”, unha revista anual que me acompañou nas viaxes a A Coruña, á casa, á casa dos meus pais. E que dicir ten que os meus proxenitores estranariáanse se lles soltase á hora de comer, na mesa, aquela aventura que vivín de cerca con el, de dobrar roupa para os presos nas cadeas.

E todo isto trouxo chuvia e máis chuvia, e cantando baixo a auga que caía do ceo, comentábase os filmes que ollamos no ciclo de cinema europeo, que como moi ben saberedes, proxéctase nunha céntrica sala na parte antiga da cidade. E así durante dous invernos.

Agora, este curso que comeza, vou ampliar coñecementos o país do “pianista”, Polonia, e quizais este país, non me resulte tan frío e gris como me pintaba el, aínda que tamén engadiría que a cultura poética racha coa uniformidade.

O noso filme: “O graduado” o noso acivro “o apoio mutuo”, do príncipe Kropokin, aínda que el quixese aproximarse ao “Soño dunha noite de verán”. A nosa canción: “Nevermind” de Nirvana. A nosa pedra: a amatite.

El esperaba que tivese dúas lembranzas del, e o que foi unha peza do voluntariado mudase nunha amizade, ao menos entretida, nestes mércores e xoves, dos que fomos dúas estrelas, case sempre dun bar.

Non sei que será agora del. Posibelmente siga tendo esas extrañas ideas políticas e siga dando tumbos nesa carreira periodística, que non conduce a ningures. O “Goodby Lenin” quizais sexa un “Hello Lenin” aquí nesta fría Varsovia. Mais poño a Deus por testemuña que lle desexo o mellor, e desde estas páxinas prométole que cando a morriña me desembarque outra vez nas costas da nación, o gánster que se empeñou en ofrecermelo como regalo de aniversario, veña a min coa mesma facilidade coa que se rouba un pantalón, unha chaqueta ou unha camisa dun preso-enfermo. Son loira, teño os ollos da cor azul, e, segundo el son guapísima, mais eu peço de modestia e polo tanto paso esta observación por alto, o que si é certo é que me chama Enma.

Clases de informática

Antonio de C.

Dou clases de informática a alumnos usuarios de Itínera nos Centros Sociais de Fontiñas e de Conxo e no Hospital Psiquiátrico de Conxo.

O perfil de los alumnos é do máis variado: As edades van dende os 17 anos ata os 65 anos así como a súa formación académica que vai dende os que apenas teñen estudos primarios ata os que cegaron á universidade.

O temario comprende:

- Tratamento de Textos Word. Consiste en escribir textos, familiarizarse co teclado e as teclas especiais, darlle formato ao texto, facer columnas periodísticas, bordes e sombreados, numeración e viñetas, táboas, inserir imaxes... Con isto preténdese que os alumnos coñezan primeiramente como se encende e apaga o ordenador; o manexo do rato e os seus diversos usos.

- Correo electrónico: Trátase de que todos teñan una dirección de correo electrónico e saiban como entrar na súa propia conta, ler, recibir, enviar correos electrónicos...

As clases desenvólvense en grupos de seis ou sete alumnos. O grupo é heteroxéneo en canto as habilidades e coñecementos dos alumnos. O total de usuarios que recibiron clases durante o curso 2006-2007 foi de setenta e tres. A ensinanza é moi persoalizada. con cada alumno por esa razón o profesor ten axudantes voluntarios para poder levar a cabo un traballo máis eficaz.

Os alumnos están moi motivados e a medida que avanza o curso mostran máis interese en atender ás clases ou en facer as tarefas e os traballos. O seu comportamento é exemplar, mostrando moita paciencia co profesor, educación e responsabilidade de maneira que as clases se desenvólven nun bo ambiente de traballo.

O profesor estivo moi contento e agradecido con tódolos alumnos. Foi unha experiencia moi satisfactoria para ámbalas partes.



Itínera

polo Coordinador

A primeira tirada dunha publicación sempre é a máis difícil de sacar adiante. Hai que seleccionar contidos, ter moi claro o que queremos dicir e principalmente atopar un estilo propio de contar as cousas. Esperamos telo acadado con este número de presentación.

Cando hai case tres anos matinabamos cómo debería ser a nosa asociación, o principal problema que tivemos foi atopar un nome có que nos poidesemos identificar e que reflexase a filosofía da nosas actividades.

Sabíamos ben o que queríamos facer: un grupo de xente que traballase con persoas (negámonos a chamarlles enfermos) aferradas a un camiño vital de soidade; voluntarios que camiñasen a carón delas para ensinar, convivir e compartir tódalas experiencias que xurdiran no noso camiño. Nunca adiviñamos onde esta vía inexplorada nos ía levar.

Ao comenzo desta viaxe todo semellaba moi difícil, tiñamos ideas pero poucos medios, somentes co entusiasmo e a forza de vontade deste pequeno grupo de voluntarios e usuarios, acadamos arrancar á fin en marzo do ano 2005. Axiña tivemos máis xente disposta a axudarnos, non só os familiares senon tamén moitos profesionais relacionados có ámbito da saúde mental se implicaron de maneira decidida con nós, así como a imprescindible colaboración da Oficina de Voluntariado da USC.

Ollando cara atrás vemos como o noso soño foi medrando; de catro programas pasamos a once, de dez voluntarios a corenta e o número de usuarios está a a piques de chegar ao cento. Non é casualidade. Hoxe lémbrome de tódolos duros adestramentos do equipo de fútbol baixo a choiva e tamén da alegrías de cada victoria, do esforzo e do traballo duro nos programas medioambientais, dos

callos nas mans e dos músculos doridos, dos arranxos da casa en Merza e de como empezamos a considerala nosa. Das películas e libros que disfrutamos, das longas camiñatas de sendeirismo e de tódolos lugares que pisamos xuntos; das intimidades compartidas ó arredor do lume ou diante dun café, e por enriba de todos estes intrínsecos...de cómo aprendimos a chamarnos amigos.

Xa estamos camiñando cara ao futuro; non son adiviño (esa é Chelo) máis de seguro que aínda nos queda unha mórea de traballo e un bo feixe de amigos novos por coñecer. Agardamos contárvolo nos seguintes números desta revista e na nosa nova páxina web www.asociacionitineras.com. Esta é a ilusión desta equipa de redacción á que lle quero agradecer o seu entusiasmo e o seu desinteresado esforzo.

Itínera (iter-itineris) en latín significa camiños, camiños por percorrer, pero endexamáis sós.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

